



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría

Rúa Maestranza, s/n

15071 A Coruña

Tel.: 981 167 000

Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 17 de xullo de 2019 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesora Titular de Universidade da área de coñecemento de Comercialización e Investigación de Mercados a Cristina Calvo Porral.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 13 de mayo de 2019 (BOE do 31 de mayo de 2019), para a provisión da praza número 19/009 de Profesora Titular de Universidade da área de coñecemento de Comercialización e Investigación de Mercados, departamento de Empresa desta universidade, a favor de Cristina Calvo Porral, con DNI núm. ***1417** e unha vez que a persoa interesada acreditará os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Cristina Calvo Porral, Profesora Titular de Universidade da área de coñecemento de Comercialización e Investigación de Mercados, departamento de Empresa desta Universidade.

Este nomeamento, surtirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión pola interesada, que deberá efectuarse no prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado". Para estes efectos o mes de agosto será inhábil.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 17 de xullo de 2019

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso